



Debido ao retraso na realización da reunión solicitada polo Comité de Empresa o 28/04/09 e para axilizar a convocada para o día 27/05/09 avanzamos os temas que apareceron nas asembleas convocadas para o refrendo do Convenio Colectivo e que, ao noso entender, son susceptibles de modificación na redacción do mesmo:

- Categorias:
 - Técnico superior mantementos (L187 esta categoría aparece no Anexo II Clasificación por grupos e categorías. Non aparece no anexo IV retribucións)
 - Arquitecto - xefe do servizo (L182 da RPT, non aparece no Anexo II nin no Anexo IV).

- Artigo 12 Traballadores discapacitados.- non parece o mellor epígrafe para incluír ás traballadoras embarazadas.
- Artigo 33 Complemento de permanencia.- especificar que só é para condutores.
- Artigo 40 Vacacións.- por embarazo ou baixa pódese prorrogar máis o tempo establecido.
- Artigo 42 Licenzas.- cambiar o ..." pai funcionario" non o somos.
- Artigo 43 Ao ter modificacións a Lei, os parágrafos variaron sendo agora os 3 e 4.

O Comité de Empresa mantén que o Convenio Colectivo debe ser asinado por todos os sindicatos do mesmo xeito, ou semellante, a como se fixo no anterior.

Por outra parte, o Comité de Empresa entende que é de suma urxencia:

- Establecer data de sinatura deste Convenio Colectivo.
- Calendario para a revisión de temarios.
- Calendario de convocatorias de oposicións.
- Calendario para a negociación da nova RPT.
- Programación dos cursos.

Atentamente.

A Coruña, 22 de maio de 2009



Asdo. Xosé Manuel Portela Fernández
Pte. do Comité de Empresa

Sr. Xerente da Universidade da Coruña